

## **Tema 4. AS REVOLUCIÓN LIBERAIS E OS MOVEMENTOS NACIONALISTAS.**

### **1. As revolucións liberais.- (1775-1848).**

O período revolucionario que se inicia en 1775 coa Revolución das Trece colonias e vai estenderse ata a metade do século XIX e implicar a desaparición do absolutismo e o triunfo das ideas do liberalismo político difundidas polos ilustrados.

### **2. A Revolución das Trece colonias (1775-1783)**

A falta de autonomía económica e política das colonias británicas americanas fixo que as relación coa metrópole empeoraran de maneira notable desde mediados do s. XVIII. O intento de paliar os efectos negativos na facenda británica da Guerra dos sete anos (1756-1763) provocou un incremento da presión fiscal por parte da Coroa sobre as colonias. As protestas cobraron especial virulencia en 1770 na chamada **Matanza de Boston** levando a Coroa a suprimir todos estes impostos agás o imposto do té que provocaría en 1773 o coñecido como **Tea party** que foi contestado pola metrópole cos chamadas Leis coercitivas que supuxeron unha merma na pouca autonomía do estado de Massachusetts.

En 1774 formouse un congreso en Philadelphia para defender os intereses das colonias fronte ao Reino Unido e a guerra comeza en 1775. O 4 de xullo de **1776** redactouse a **Declaración de independencia** e os colonos apoiados polos rivais colonias da metrópole Francia e España acadan a vitoria en 1783 na batalla de Yorktown e a paz coa sinatura da **Paz de Versalles** onde vese recoñecida a súa independencia.

A **Constitución dos Estados Unidos (1787)** supón a primeira plasmación práctica do liberalismo. O novo estado quedaba organizado como un **Estado federal republicano** no que as colonias agrupábanse nunha confederación voluntaria con grande autonomía. O poder federal organizaba principalmente a política exterior, a económica e o exército.

As **consecuencias** da Revolución das trece colonias podemos resumilas principalmente en catro:

- 1- A nivel económico supón o inicio da expansión cara o Oeste que levará aos EEUU a ser no futuro unha gran potencia económica.
- 2- A nivel social supón o triunfo da burguesía como clase dirixente.
- 3- A nivel internacional supón o inicio da descolonización americana.
- 4- A nivel político supón o triunfo do liberalismo e dos ideais ilustrados. Destacarán homes como George Washington, Lafayette, Thomas Jefferson o Benjamin Franklin.

### **3. A revolución francesa de 1789.**

#### **3.1 Dos Estados xerais á Asemblea nacional (1789).**

A situación económica na fase prerrevolucionaria era dunha profunda crise. A facenda do Estado estaba en bancarrota debido a Guerra dos sete anos (1756-1763) e o apoio económico aos independentistas americanos. Ademais disto, Francia, un estado cun crecemento demográfico moi acusado durante o século XVIII tivo unhas vagas de malas colleitas que depauperaron de maneira moi notable ás masas campesiñas producindo unha crise de subsistencia.

Inicialmente xurde unha reacción ou “Rebelión aristocrática”, na que os nobres e o alto clero protestan contra os intentos, dos ministros do rei Luis XVI, de evitar a bancarrota do Estado a base de vender títulos de nobreza e de impoñer un novo tributo directo sobre a riqueza de todos os grupos sociais. Nobres e clero reclaman respecto para os seus privilexios e logran obrigar ó rei a reunir ós Estados Xerais (representantes da nobreza, do clero e do Terceiro Estado), para discutir a aprobación do novo tributo.

En 1789, durante a reunión dos Estados Xerais, prodúcese unha mutación revolucionaria, pois os burgueses (aproveitando os enfrontamentos, dentro da reunión dos Estados Xerais, entre os representantes dos nobres e do clero porque teñen intereses distintos) logran certo apoio do rei ás súas reclamacións, recollidas nos **Cadernos de queixas**, a cambio de apoialo na aprobación dos novos impostos. Os representantes do terceiro estado pactan co rei unha variación no sistema de votación: antes existía un voto por cada estamento e agora votábase por representante ou cabeza (o voto por estamento implicaba un non seguro ós novos impostos, e o voto por representante permitía a posibilidade de aprobar os novos impostos gravando a riqueza dos privilexiados, pois o número de representantes do terceiro estamento era maior que o dos nobres e do clero xuntos). Imponse o voto por cabeza e apróbanse os impostos, cando o rei pretende disolver os Estados Xerais, os representantes do terceiro estamento rexeitan o peche e reclaman poder continuar discutindo os problemas dos franceses, recollidos nos cadernos de queixas. O rei buscará o apoio dos nobres e do clero para intentar disolver os estados xerais e acabar coa actitude revolucionaria do terceiro estamento. Os representantes do terceiro estamento, apoiados por algúns dos representantes da nobreza e do clero, optan por autoconstituírse na Sala do xogo da pelota en **Asemblea Nacional** co obxectivo dobre de analizar os problemas de Francia e elaborar unha constitución (momento revolucionario, os representantes dos intereses da maioría dos franceses autoprocámanse como representantes dos intereses comúns da Nación francesa).

### 3.2 A Asemblea nacional constituínte (1789-1791)

Os reunidos na Asemblea Nacional tomaron certas decisións claves para o proceso revolucionario:

- Facer unha chamada ó pobo para que se manifestase en defensa da Asemblea Nacional: as xentes das cidades procuraron tomar armas (**toma da fortaleza- cárcere da Bastilla de París**), as xentes do campo decidiron actuar violentamente contra os terratenentes (provocaron **O Gran Medo**, que implicou a destrución de castelos e documentos e unha grande emigración de nobres).
- Formar un corpo armado de voluntarios ou **Garda nacional** que funcionaría como o exercito de Francia coa función de defender a continuidade das reunións da Asemblea fronte un posible ataque do exército de rei .
- Decretar a **abolición dos privilexios señoriais e dos gremios**.
- Ditar a **Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán** (dereitos naturais, igualdade xurídica e fiscal, dereitos de expresión-reunión-asociación, etc).
- Proclamar a **separación da igrexa e o estado** e a **desamortización das propiedades do clero** (dictan a **Constitución civil do clero**, que implicaba que o clero quedaba sometido ás leis do estado e recibía deste ingresos para cubrir as súas necesidades).
- Elaborar unha **constitución**: a **Constitución de 1791** recollía os conceptos de monarquía constitucional, de soberanía nacional, de división de poderes. Ademais recollía o principio de liberalismo económico, a idea dun estado centralista con capital en París e a existencia dunha Garda nacional defensora da propiedade e das liberdades.

Estas decisións da Asemblea Nacional agravaron moito máis as tensións, posto que:

- O rei, os nobres e o clero plantéxanse unha estratexia común contra a Revolución, que consiste en **favorecer a invasión de Francia** polas tropas austríacas (o rei intenta fugar de Francia para incorporarse á reacción absolutista e resulta detido por Lafayette. A Asemblea declarou ó rei traidor e decretou o confisco das propiedades dos nobres emigrados).
- Os campesiños decidiron reclamar a propiedade das terras e negarse a pagar rendas.
- Os grupos urbanos ou *sans culottes* pretenderon reclamar dereitos políticos e mellores condicións de vida.

### 3.3 A evolución do proceso revolucionario ou Asemblea nacional lexislativa (1791-1814).

Elaborada, asinada, promulgada a Constitución de 1791 o rei Luís XVI dissolveu a Asemblea Nacional para convocar unhas eleccións, co obxecto de iniciar así unha nova etapa ou Asemblea Nacional Lexislativa, que podemos dividir en varias fases:

#### 3.3.1 Fase da monarquía constitucional (1791-1792).

Os **xirondinos** (defensores dos intereses dos grandes burgueses), ó lograr o éxito nas eleccións, pasan a facerse co control do goberno e da Asemblea e a intentar estabilizar o proceso revolucionario, aprobando varios decretos:

- Un decreto advertindo ós nobres emigrados de que se non regresan a Francia serán considerados sospeitosos de contrarrevolucionarios e as súas propiedades pasarán a mans do Estado.
- Un decreto ameazando ó clero, que de non aceptar xurar a Constitución civil do clero serán deportados de Francia.
- Un decreto reclamando, ós príncipes e reis veciños de Francia, a paralización de todo preparativo de guerra en colaboración con emigrados franceses.

O rei, Luís XVI, optou por vetar os dous primeiros decretos e aceptar asinar o terceiro, coa clara intención de protexer a nobres e clero e de favorecer unha posible guerra exterior (os gobernantes xirondinos desexaban a guerra para facer grandes negocios abastecendo ó exército e o rei esperaba que a guerra implicase unha derrota do goberno e o fracaso da revolución).

Polo tanto o goberno dos xirondinos e o rei forzaron unha declaración de guerra que implicou:

- Derrotas sucesivas do exército francés favorecidas polas continuas traizóns dos oficiais, que desertaban para incorporarse ó exército invasor.
- A decisión da Asemblea de decretar a formación dun exército de voluntarios, co que afrontar a invasión o veto do rei non impediu que os *sans culotte* organizasen un exército de voluntarios e ademais aumentou as sospeitas de estarse a comportar como un traidor.

Ó descubrirse a existencia dun complot, do rei cos oficiais desertores e coas tropas estranxeiras, os **xacobinos** dirixidos por **Robespierre** (defensores dos intereses dos pequeno-burgueses) alentaron ós patriotas a unha sublevación. Os xirondinos, para frear a sublevación, aceptan destituír ó rei.

Os xacobinos aproveitan o fracaso dos xirondinos na dirección da guerra para facerse co control da **Commune de París** (comité revolucionario encargado de coordinar as accións de guerra) e presionar para que:

- A Asemblea Nacional aprobe novas medidas revolucionarias que favorezan ós pequeno-burgueses.
- O goberno acepte que a *Commune* se encargue de descubrir e encarcerar ós sospeitosos de traizón á revolución (os xacobinos impoñen **O terror**: ante o temor que os encarcerados en París poidan ser liberados e atacar á cidade optan por executar a un grande número).
- O goberno conceda ó exército de voluntarios a posibilidade de perseguir ás tropas estranxeiras máis alá das fronteiras de Francia (iniciárase a exportación das ideas revolucionarias).

- O goberno estea disposto a enxuizar a Luis XVI (o xuízo celébrase e a execución na guillotina de Luis XVI, derivará na abolición da monarquía e a **proclamación da República**).

### 3.3.2. A fase republicana (1792-1804).

A execución do rei provocou unha grande impresión e o rexeitamento do proceso revolucionario:

- En todo Europa, que leva a Gran Bretaña a pactar unha **grande coalición** con Austria, Prusia, España, Reinos Alemáns, Reinos e Repúblicas italianas ,etc, co obxectivo de derrotar ós revolucionarios franceses.
- No oeste de Francia que levou ó clero da Xironda a alentar unha sublevación contra os revolucionarios.

A debilidade dos gobernantes xirondinos, ameazados por unha guerra exterior e unha sublevación interior, leva ós *sans culottes* a sublevarse reclamando ó goberno medidas contra a carestía dos produtos básicos. Os xacobinos, dirixidos por Robespierre, aproveitarán o malestar para organizar unha grande sublevación popular, que provocará que a Asemblea Nacional cese ós gobernantes xirondinos e lles entreguen ós dirixentes xacobinos o dereito de formar goberno.

O **goberno xacobino**, para tratar de facer fronte á grave situación de crise que atravesaba a revolución (guerra exterior, sublevacións interiores, oposición dos xirondinos, presión dos promonárquicos, conspiracións dos nobres emigrados, reclamacións reformistas dos *sans culottes*... ) toma medidas excepcionais entre as que destacan:

- A **Lei de sospeitosos**, que implicaba a volta ó Terror (detencións masivas, xuízos sumarísimos e execucións na guillotina, tanto no caso dos acusados de contrarrevolucionarios como de revolucionarios exaltados).
- A aprobación do **Servicio Militar Obrigatorio** (esta decisión permitiralles ós xacobinos contar cun grande exército capaz de dominar as sublevacións internas e de derrotar ós exércitos da coalición).

Pero o malestar polas medidas de excepción e polo agravamento da crise económica fomentou unha oposición masiva da maioría dos sectores sociais contra o goberno dos xacobinos. Este malestar da poboación aproveitárono os **xirondinos para dar un golpe de estado** e tomar a decisión de encarcerar, enxuizar e guillotinar ós dirixentes xacobinos.

Os xirondinos, tras recuperar o control do poder, van a procurar aliarse cos xefes do exército, co obxectivo de reforzar a súa autoridade e tratar de:

- Reprimir as sublevacións dos *sans culottes*.
- Reprimir a sublevación dos promonárquicos.
- Reducir os inimigos exteriores (os xirondinos lograrán asinar tratados de paz con todos excepto con Gran Bretaña).

O **protagonismo do exército** na evolución do proceso revolucionario será cada vez maior, posto que os grandes burgueses (representados polos xirondinos), para facer fronte as continuas crises políticas provocadas pola corrupción, as débedas do estado e o caos económico, farán participar ós militares en continuos golpes de estado co obxectivo de manterse no poder.

O **golpe de estado clave para a evolución do proceso revolucionario foi o de 1799 (golpe de Estado do 18 brumario)**, organizado polos xirondinos co obxectivo de impedir un novo acceso ó poder dos xacobinos: Este golpe de Estado foi dirixido polo xeneral **Napoleón Bonaparte** (elixido polos seus éxitos na represión das sublevacións dos absolutistas promonárquicos e dos demócratas *sans culottes* e polas vitorias nas campañas militares no norte de Italia contra Austria e de Exipto

contra o comercio de Gran Bretaña coa India). Napoleón logrará ser aclamado pola maioría da poboación que lle reclama que dirixa un goberno forte capaz de:

- Estabilizar os logros da revolución.
- Alcanzar a paz no interior de Francia.
- Lograr a paz exterior cos integrantes da coalición.

Napoleón consolidará o seu prestixio:

- Ó alcanzar a paz interna: logrouna permitindo o regreso de moitos dos nobres exiliados, pactando co Papa un Concordato ou acordo do estado co clero e detendo e deportando ós líderes dos *sans culottes*.
- Ó lograr a paz co exterior: logrouna ó conseguir, cos éxitos do seu enorme exército, convencer primeiro a Austria despois a Gran Bretaña da necesidade de asinar tratados de paz.
- Ó estabilizar os éxitos da revolución: logrouno ó aproveitar a pacificación interior e exterior para levar adiante un plan de reforma da administración local e provincial, da ensinanza, da facenda pública, da administración de xustiza e creando Códigos legais revolucionarios.
- Ó estender a influencia de Francia e das ideas revolucionarias á península de Italia, a Suíza, a Holanda e ós principados xermánicos: ofrecendo ós seus habitantes a liberación do Antigo réxime e o apoio na implantación do réxime liberal.

### 3.3.3 A fase imperial (1804-1815).

Napoleón aproveita unha nova declaración de guerra de Gran Bretaña (os comerciantes ingleses estaban molestos co acordo de paz, porque o proteccionismo dos franceses non lles permitía obter os beneficios comerciais prometidos co fin da guerra) e o renovado apoio dos británicos ós intentos de sublevación dos que permanecían emigrados, para facerse proclamar emperador vitalicio de Francia e para replantearse a pacificación interna e externa:

- Para lograr a pacificación interna aplica un **maior centralismo administrativo**, reprime con dureza as sublevacións proabsolutistas e prodemócratas e decreta a censura na prensa, teatro e literatura.
- Para lograr a pacificación exterior intenta varios plans estratéxicos: **primeiro plantéxase a invasión de Gran Bretaña** (o plan consistía en conseguir despistar a escuadra británica atraendo ós seus barcos cara o mar Caribe e regresar para protexer o embarque de tropas de Francia cara Gran Bretaña. Este plan fracasará porque o Almirante Nelson non se deixa enganar e adiantase dirixindo os seus barcos cara a baía de Cádiz, onde se atopan agrupados os barcos españois e franceses. A **batalla de Trafalgar** suporá a morte de Nelson, pero sobre todo a destrución da flota española e francesa e a imposibilidade de invadir Gran Bretaña), despois plantéxase un ataque ós aliados da coalición no continente europeo (Napoleón opta por invadir antes de ser invadido: logra aplastantes victorias sobre os exércitos de Austria, Prusia e Rusia). Os éxitos de Napoleón no continente permítenlle replantearse a guerra con Gran Bretaña, agora como unha guerra económica de bloqueos:
  - Gran Bretaña (por ter un escaso exército de terra) vai limitarse a bloquear os portos ó comercio francés.
  - Francia (por a escuadra destruída) vai impor ós países do continente a obriga de deixar de comerciar con Gran Bretaña. Napoleón, co plan de **bloqueio continental**, pretendía provocar unha crise de sobreproducción en Gran Bretaña e incluso unha posible revolución.

Na realidade o plan de bloqueio provocou:

- unha crise intermitente da industria e do comercio británicos e protestas da poboación de Gran Bretaña contra a guerra.
- un crecente malestar dos patriotas/liberais en moitas zonas do continente europeo contra a actitude prepotente ou imperialista manifestada por Napoleón, pois consideran que se sacrifica ós intereses comerciais dos outros en interese de Francia: prodúcese movementos patrióticos en España (contra a presenza das tropas napoleónicas autorizadas polo rei de España a atravesar o territorio, para invadir Portugal por non cumprir o bloqueio continental), reacción nacionalista nos estados xermánicos, movementos de protesta en Italia, ruptura co Papa de Roma, etc.
- O intento das tropas napoleónicas de invadir Rusia, como represalia por non cumprir con rigor o bloqueio continental (o exército ruso emprega a táctica de retirarse e queimar todo o seu paso, deixando avanzar o exército napoleónico sen posibilidade de aprovisionarse nin de vitoria. Para evitar quedar atrapados polo frío inverno ruso Napoleón optou por retirar as súas tropas. A retirada baixo o frío, a fame e o acoso do exército ruso implicou unha enorme mortalidade e o desprestixio para o exército francés.

O fracaso de Napoleón en Rusia e os motíns nos estados alemáns contra a presenza das tropas francesas, alentaron de novo a Gran Bretaña a asinar tratados de coalición con Rusia, Prusia e Austria e a procurar acelerar a guerra dos patriotas en España. Os membros da coalición plantexáronse a invasión de Francia co obxectivo de facer desaparecer o imperio de Napoleón e anular o proceso revolucionario.

Ante a invasión de Francia pola coalición (derrota na **batalla de Leipzig**) Napoleón abdica e acepta instalarse na illa de Elba na costa de Italia. A restauración da monarquía en Francia e a pretensión de restaurar o absolutismo (anulando todos os logros revolucionarios) xera tal malestar entre os franceses que Napoleón decide volver a Francia para recuperar o trono: Napoleón chega e reorganiza un importante exército (o imperio dos cen días), pero vai resultar derrotado polos exércitos da coalición na **batalla de Waterloo** (1815) é obrigado a instalarse na illa de Santa Helena na costa do sur de África. En Francia restaurase o absolutismo.

#### 4. A restauración do Absolutismo no Congreso de Viena de 1815 e os movementos revolucionarios liberais-nacionalistas.

##### 4.1 O congreso de Viena de 1815.

Coa derrota de Napoleón prodúcese unha reacción antiliberal e acórdase no **Congreso de Viena de 1815 unha restauración da lexitimidade de todos os monarcas absolutos**, a restauración de todas as fronteiras de Europa elaborando un novo mapa de estados equilibrados e a creación da **Santa Alianza**, como especie de exército internacional destinado a intervir ante calquera revolución que pretenda alterar a lexitimidade do absolutismo ou das fronteiras deseñadas. Fronte ó inmovilismo e á represión, imposta polos novos gobernantes absolutistas, os **liberais** (descontentos coa restauración do absolutismo) e os **nacionalistas** (descontentos coas novas fronteiras) tenden a organizarse en clubs e **sociedades secretas** (masóns, comuneiros, carbonarios, etc), coa intención de organizar insurreccións ou sublevacións capaces de modificar as decisións tomadas no Congreso de Viena de 1815. Os liberais e/ou os nacionalistas van protagonizar tres grandes momentos revolucionarios.

**Vagas revolucionarias de 1820:** esténdense pola Europa do sur (España, Portugal, sur da península de Italia, sur da península balcánica, Rusia) e empregan a estratexia da insurrección militar fomentada por sociedades secretas liberais. A intervención da Santa Alianza e a forte represión provocou o fracaso da maioría dos movementos proliberais e pronacionalistas e moitos exiliados. Tivo éxito o movemento nacionalista pola **independencia de Grecia do Imperio turco**.

**Vagas revolucionarias de 1830:** esténdense por grande parte de Europa (Francia, Bélxica, Italia, Polonia) e empregan a estratexia da alianza dos grandes burgueses (liberais moderados) cos pequenos burgueses (liberais progresistas), para intentar facer desaparecer o absolutismo. As consecuencias foron o triunfo do modelo de estado parlamentario constitucional en certos estados (Francia recupera unha monarquía constitucional, Bélxica a monarquía constitucional e a independencia de Holanda, España e Gran Bretaña liberalízanse) e a imposición das ideas dos liberais moderados. Os movementos nacionalistas fracasaron todos, excepto no caso da **independencia de Bélxica**.

**Vagas revolucionarias de 1848:** esténdense pola maior parte de Europa (Francia, Italia, Confederación Xermánica, Imperio Austro-Húngaro) e empregan a estratexia de alentar a protesta das clases populares, aproveitándose do malestar da poboación pola actitude represiva dos gobernos absolutistas e liberais moderados, as pésimas condicións de vida e traballo dos obreiros e polas graves crises de existencia nos campos: os liberais progresistas aliando ós pequeno burgueses coas grandes masas de artesáns, obreiros e campesiños pretenden impoñer reformas democratizadoras e reformas das fronteiras unificando ou separando nacións. Consecuencias: **Francia logra recuperar o sufraxio universal e a república (iniciárase tamén o segundo imperio francés en mans de Napoleón III)** e as xentes do Reino de Piamonte e do reino de Prusia impoñer monarquías constitucionais. Pero os movementos nacionalistas fracasan (tanto en Polonia como na península de Italia e na Confederación Xermánica) polo tanto os burgueses logran impoñer o modelo de Estado liberal e os proletarios expoñer as súas reclamacións, pero en moitos países de Europa quedan pendentes a maioría das reclamacións nacionalistas unificadoras e separatistas.

**Á metade do século XIX a maior parte dos Estados europeos xa abandonaron os esquemas do Antigo Réxime e optaron polo modelo liberal constitucional parlamentario** pero os movementos nacionalistas prounificación ou proseparación continúan fracasando fronte ós intereses dos grandes imperios empeñados en manter as fronteiras decididas no Congreso de Viena.

## **5. O nacemento do nacionalismo.**

As actitudes nacionalistas no continente europeo xorden no marco da Revolución francesa, coa aparición do sentimento nacional, crecen na primeira metade do XIX coa exaltación, polos románticos, do sentimento de liberdade dos individuos e de identidade dos pobos, consolídanse na segunda metade do XIX coa unificación de Italia e Alemaña e desbórdanse a fins do século XIX coas tensións imperialistas.

Dentro do nacionalismo en Europa debemos distinguir certas teorías e tipos de movementos:

### **5.1. Teorías nacionalistas.**

O pensamento nacionalista europeo é un fenómeno moi ligado ó individualismo liberal e as ansias de liberdade e identidade dos movementos románticos. Dentro do pensamento nacionalista podemos distinguir dous conceptos diverxentes:

- **O concepto francés de Nación.-** Esta idea xorde no contexto da Revolución francesa en relación co concepto de Soberanía nacional e da liberdade do individuo. Os franceses entenden a Nación como un conxunto de individuos libres e iguais, que pactan vivir baixo unha Lei

común ou Constitución. As claves deste concepto son: que o individuo decide voluntariamente pertencer a unha nación e que os individuos e pobos teñen dereito a dispoñer de si mesmos: É un concepto artificial e voluntarista (**nacionalismo voluntarista**).

- **O concepto xermánico de Nación.**- Esta idea xorde no contexto do rexeitamento dos alemáns ó imperialismo napoleónico e ó dominio dos pensadores ilustrados franceses sobre a cultura xermánica. Os alemáns entenden a Nación como un conxunto de persoas que ten en común unha historia, unha cultura, unha lingua, unha relixión, uns costumes (en conclusión unha comunidade de cultura). As claves deste concepto son: que a existencia dunha nación impónse como un feito natural sobre a vontade dos individuos (as nacións nacen na historia grazas ó *Volkgeist* ou espírito do pobo e non por desexo dos individuos, un non elixe pertencer a unha nación senón que é dunha nación) e que toda nación ten dereito a ter o seu propio Estado: É un concepto naturalista e historicista (**nacionalismo orgánico-historicista**).

Pero tamén xorde unha **corrente nacionalista de síntese**, que defenden os italianos Mazzini e Mancini plantexando unha fusión do concepto historicista xermánico e do concepto voluntarista francés: para que exista unha nación ten que existir unha comunidade de cultura, pero resulta imprescindible a vontade dos individuos de ser nación.

## 5.2. Os movementos nacionalistas.

Teñen a súa **orixe** remota no **reacción fronte ó imperialismo napoleónico** e no posterior **rexeitamento do mapa de Europa deseñado e imposto no Congreso de Viena de 1815**, que fixaba a existencia de tres imperios, seis estados libres e máis de trinta comunidades culturais ou nacións sen estado propio.

Nos distintos movementos nacionalistas do XIX podemos distinguir:

- **Movementos nacionalistas separatistas** (estes movementos son **centrífugos** porque buscan a independencia.- Este tipo de movementos separatistas déronse entre os pobos sometidos ó Imperio Austríaco (polacos, húngaros, checos, eslovacos), ó Imperio ruso (polacos, fineses, estonios, lituanos...), ó Imperio Turco (gregos, rumanos, servios,...) e nos estados plurinacionais occidentais (Países Baixos: belgas, Gran Bretaña: irlandeses).
- **Movementos nacionalistas unificadores** (estes movementos chámanse **unionistas ou centrípetos**).- Este tipo de movementos posibilitaron o nacemento de Italia e o nacemento de Alemaña.
- **Movementos Nacionalistas de Estado** (tamén chamados **patrióticos**).- Este nacionalismo de Estado triunfou en Gran Bretaña, Francia, Alemaña. Os políticos para lograr homoxeneizar a administración e a cultura en todo o territorio dun Estado fomentan o amor á patria e os seus símbolos (bandeira, himno, etc)

Entre os diversos movementos nacionalistas dos século XIX destacan:

- **Nas revolucións da década de 1820**, os movementos nacionalistas proseparatistas en Polonia e Grecia e prounificación na península de Italia e nos principados xermánicos... pero só tivo éxito o movemento separatista grego, que logrou a independencia do Imperio Turco aproveitando a axuda de Gran Bretaña, Francia e Rusia (interesadas en debilitar ó Imperio Turco e lograr así a libre circulación de barcos polo estreito do Bósforo).
- **Nas revolucións da década de 1830**, os movementos nacionalistas proseparatistas en Polonia e Bélxica e prounificación na península de Italia e nos principados xermánicos...pero só tivo éxito o movemento separatista belga que logrou independizarse de Holanda.
- **Nas revolucións de 1848**, os movementos nacionalistas proseparatistas en Polonia, Chequia, Hungría, Serbia, etc e prounificación na península de Italia e nos principados xermánicos pero fracasaron todos, inda que deixaron ben claro o desexo de múltiples nacións por obter estado propio separándose ou unificándose.

Entre os diversos movementos nacionalistas, na segunda metade do século XIX, cabe profundar na **análise comparativa do proceso de unificación de Italia e Alemaña** pois entre ambos procesos danse numerosas similitudes:

- Nos inicios do século XIX o mapa político territorial do Congreso de Viena (1815) impuxo a fragmentación dos seus territorios: península de Italia (sete Estados), e Confederación xermánica (39 Estados) reservándose Austria unha forte influencia nas dúas áreas xeográficas.
- Os movementos románticos (O *Risorgimento* italiano e o movemento pola grande Alemaña) reaccionaron tratando de despertar entre a xente un sentimento de orgulloso nacional.
- Durante as revolucións de 1820, 1830 e 1848 as organizacións políticas secretas (Nova Italia e Nova Alemaña mobilizan ó pobo para que reclame o dereito á unificación e a ter o único estado para toda a nación.
- Tras a metade do XIX o protagonismo pasa a dous Estados: O **Estado do Piamonte** - (en Italia) e o **Estado de Prusia** (en Alemaña) e a dous líderes: **Conde de Cavour** (xunto con **Garibaldi**) e **Bismarck** (os dous deseñan un proceso de unificación desde arriba, combinando a diplomacia, a modernización do exército, as guerras con Austria e as alianzas ou guerras con Francia). Tanto no Piamonte como en Prusia (**Zollverein**) existe unha burguesía industrial e comercial desexosa de ampliar mercados e protexelos.
- Os dous líderes deseñan unha mesma estratexia:
  - Cavour, primeiro alíase con Francia para derrotar a Austria e desprazar a súa influencia do norte de Italia e posteriormente enfróntase a Francia e ó Papa no empeño por incorporar os estados pontificios e converter a Roma na capital do estado italiano. Cavour terá que renunciar a incorporar certas terras do nordeste da península (Trento, Trieste), que continuarán baixo o control de Austria (*Italia irredenta*).
  - Bismarck, primeiro asegúrase a neutralidade de Francia para derrotar a Dinamarca e a Austria e finalmente ataca e derrota a Francia na Guerra franco-prusiana e na **batalla de Sedán** (1871) (arrebátandolle a Alsacia e a Lorena, sempre co obxectivo de integrar o máximo de territorios onde habiten xermánicos no estado alemán. Bismarck terá que renunciar a idea da gran Alemaña e excluír do proceso unificador a Austria (posto que os austríacos negábanse a prescindir do seu imperio, no que tiñan incorporados a múltiples pobos non xermánicos, que non tiñan cabida no estado alemán).
  - A Austria e a Francia non lles interesaban os procesos de unificación de Italia e Alemaña, posto que lles prexudicaban ó implicar un recorte das súas áreas de influencia.

Pero de ambos procesos resultan sistemas políticos diverxentes:

- Italia (1861/70) converteuse nun Estado Unitario-centralista dividido economicamente entre un norte industrializado e un sur agrario subdesenvolvido (dominado pola Mafia): un Estado débil económica e politicamente, carente de fervor nacional.
- Alemaña (1871) convértese nun Estado Federal cunha forte unidade económica imposta polos intereses dos *yunkers* prusianos: Un estado forte, convertido en grande potencia económica e política, cohesionado polo patriotismo panxermánico.

As ideas e os movementos nacionalistas estarán na base da expansión imperialista (nacionalismos de Estado), dos conflitos previos á primeira guerra mundial (guerras dos Balcáns) e de grande parte dos conflitos e tensións do século XX.

### 5.2.1 As revolucións liberais e os movementos nacionalistas extraeuropeos.

Entre as revolucións liberais e os movementos nacionalistas extraeuropeos cabe destacar pola súa especial importancia dous fenómenos:

1-Os **EEUU** de América do norte nacen, na segunda metade do século XVIII, como resultado do triunfo dos colonos, das Trece colonias británicas da costa atlántica, sobre o exército británico nunha guerra de liberación colonial. As Trece colonias optan por crear unha constitución federal

(funcionarán como un estado federal liberal ) a avalancha de emigrantes europeos cara os EEUU favoreceu a súa expansión cara o Oeste a costa das tribos indias e cara o suroeste (a costa de México). A tendencia dos estados do norte a industrializarse e dos estados do sur a explotación de plantacións con escravos negros provocou unha disparidade de intereses que derivou, a inicios da segunda metade do século XIX, nunha brutal guerra civil: a **Guerra de Secesión (1861-1865)**. O triunfo dos estados do norte (ianquis) derivou no fomento do patriotismo (para fortalecer a unidade) en un acelerado proceso de industrialización, que permitirá ós EEUU converterse na gran potencia de América, a fins do século XIX, e nunha grande potencia mundial ó longo do século XX.

2- **A Revolución Meiji (1866-1869)**: despois de varios séculos de manterse illado, a metade do século XIX, Xapón viuse obrigado a abrir os seus portos ós intereses comerciais dos EEUU e das potencias coloniais europeas. Os xaponeses, ante esta brutal humillación, reaccionaron cunha actitude de orgullo nacionalista emprendendo unha profunda reforma económica, social e política, coa pretensión de modernizarse e recuperar o seu poderío e prestixio. Estas reformas coñécense como a Revolución Meiji ou da Luz e implicaron a implantación dun modelo de Estado liberal (constitución, división de poderes, igualdade ante a lei, etc), dun programa de educación nacional da xuventude e dun proceso de industrialización que transformaron ó Xapón na gran potencia de Asia e nunha gran potencia mundial, a principios do século XX.